



CONCELLO DE CHANTADA

BORRADOR

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 14 DE XANEIRO DE 2019

Na dependencia habilitada na Casa da Cultura de Chantada como salón de sesións do Concello, ás vinte horas e dez minutos do día catorce de xaneiro de dous mil dezanove, reúnen os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria previa convocatoria ordenada polo Sr. Alcalde-Presidente de acordo cos artigos 21.1.c) e 46.2.b) da Lei 7/1.985, Reguladora das Bases de Réxime Local, no sucesivo LRBRL, e concordantes, en primeira convocatoria, constitúese o Pleno do Concello deste municipio, con asistencia dos relacionados a continuación.

Preside o Sr. Alcalde: D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez (Grupo de INTA).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo Municipal de INTA: D. José Castor Novoa Fernández, D. Diego Otero Veiga, D. Juan Alberto Diéguez Fernández, D^a. Salud Sotelo Sotelo, D. Manuel Diéguez Carballo e D^a Pamela Fernández Águila

Grupo Municipal do PSG-PSOE: D^a. Raquel López Rodríguez, D^a. María Jesús Rodríguez López e D. Héctor Ledo Rodríguez

Grupo Municipal do Partido Popular: D. Francisco Javier Rodríguez Medela e D. Manuel Javier Goyanes Cereijo.

Grupo Municipal de Por Chantada-CUP: D. Antón Fente Parada.

Secretario: Jesús Angel Ledo Cores, acc. s/ Decreto 2018-559 do 26/12/2018.

Non asiste a Interventora Municipal Dona Cristina González Santín.

Á hora expresada no encabezamento, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, por existir o quórum ao que se refire o artigo 46.2.c) da LRBRL, pasándose a tratar os asuntos da Orde do día.

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA DO 12 DE NOVEMBRO DE 2018 E EXTRADINARIAS DO 27 DE DECEMBRO DE 2018.

O Sr. Alcalde-Presidente, de conformidade co artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) pregunta aos membros da Corporación, se algún ten que formular algunha observación ás devanditas actas, no seu momento distribuídas co seguinte resultado:

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

A) Acta da sesión ordinaria do 12 de novembro de 2018: Apróbase pola unanimidade dos membros da Corporación.

B) Acta da sesión extraordinaria do 27 de decembro de 2018, convocada para as 20 horas: Apróbase pola unanimidade dos membros da Corporación.

C) Acta da sesión extraordinaria do 27 de decembro de 2018, convocada para as 21 horas: Apróbase pola unanimidade dos membros da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

2.-MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS, DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA. Deuse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos do día 08/01/2019 que é como segue:

“3.1.-MOCIÓN DE POR CHANTADA-CUP PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN MATERIA DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS.-Deuse lectura á moción presentada polo Concelleiro que é do seguinte teor literal.

“Antom Fente Parada, membro de pleno dereito da Corporación do Concello de Chantada e voceiro do grupo municipal Por Chantada-CUP, apresento ao abeiro do disposto nos artigos 94.1 e 94.2 do Regulamento Orgánico Municipal e 91.4 e 97.2 do *Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais* a seguinte MOCIÓN para a súa discusión e aprobación, se procede, relativa á *Moción de Por Chantada-CUP para a adopción de medidas en materia de tratamento e depuración de augas*.

2

A tal efecto, apresento para a súa discusión, co alvo de suscitar a UNANIMIDADE da CORPORACIÓN que permita a súa aprobación, a seguinte **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**:

Hai menos dun mes celebramos un Pleno desta Corporación, de carácter extraordinario, onde o Goberno votou en contra da apertura dun expediente á concesionaria Viaqua a pesar de terse demostrado a venda ilegal de auga, sen coñecemento do Concello e contravindo os propios pregos de contratación. No seu lugar, fiouse a actuación competencial propia aos informes futuros da Confederación Hidrográfica e de Augas da Galiza, cuxo resultado se dará nos próximos meses.

Porén, achamos que é preciso irmos adoptando medidas complementarias.

Ao longo da lexislatura insistimos na necesidade de adoptar medidas efectivas no tocante ao tratamento das augas residuais e da necesidade dunha nova depuradora, dada a incapacidade da actual recoñecida por todos os organismos en diferentes informes e tamén pola empresa EPTISA na redacción do PXOM aprobado inicialmente e sobre o que apresentamos alegacións (pendentes aínda de resolver).

A maiores, preguntas e rogos diversos sobre esta cuestión foron resolvidos con silencio ou coa proposta do tanque de treboadas como remedio máximo para as diversas eivas existentes. Unha canalización millonaria dun regato por sentenza xudicial segue pendente de executarse e os informes da Confederación dan o tempo que demanda non querer asumir os problemas. Numerosos vertidos ao Asma teñen suscitado denuncias e sancións da Confederación Hidrográfica, non só tornando esta indesexábel situación crónica, mais afundando na súa dimensión ano após ano.

Esta é, pois, a realidade do noso Concello no relativo ás augas, outra cousa é que se asuma e se desexe pórllle remedio, temos confianza en que se este acordo sae adiante poderemos aínda manter a esperanza de que, efectivamente, o tema está realmente na axenda e hai vontade política para resolver as eivas.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

No que concirne á Depuradora existiu un anteproxecto. Daquela, o Goberno municipal adoptou a célere decisión de comprar os terreos co gallo de que non existise calquera impedimento para efectivizar ese primeiro estudo. Porén, sabemos que coa remuda da Xunta e a chegada novamente do PP o anteproxecto ficou na inmensa gabela dos bos propósitos.

Naquel anteproxecto o estudo valoraba as necesidades de inversión en 10.000.000€, imaxinamos que entre megalomanía das institucións e a obra pública daquela altura e as promesas electorais. As actuacións contempladas, no entanto, xa nos interesan máis do ponto de vista técnico e político para atallar os males presentes: 1) separación de fecais e pluviais en toda a vila (algo lonxe de conseguirse), 2) recanalización de tres regatos de Chantada (Santa Ana, estrada de Lalín e Val do Asma) e, finalmente, 3) construción dunha nova depuradora, cuxo custe se cifraba entre 4-5 millóns de euros. **Subliñamos, xa que logo, que a construción dunha nova depuradora é a fin dun proceso que precisa previamente adoptar certas medidas ou solucións de prezo máis asequíbel e que exigen un Goberno que traballe para atraer investimentos doutras institucións.**

Desde Por Chantada-CUP consideramos que a separación de fecais e pluviais combinada coa recanalización dos tres regatos e, finalmente, a construción do xa mentado tanque de treboadas permitiría pór solución ás problemáticas actuais (non nos esquecemos dun medio rural sen saneamento e esgotos, sen recollida selectiva de lixo e sen tantas outras cousas mais cómpre ir por partes...). Loxicamente, o montante sería en parte asumíbel para o ente municipal e en parte máis asequíbel de atraer por parte de diversas administracións: Deputación, Xunta, Estado e Unión Europea. Claro que para iso, cómpre un Goberno que faga xestións e se mobilice para conquistarmos estes recursos que precisamos e unha Corporación que adopte acordos efectivos e que dimensionen correctamente o problema.

Daquela, consideramos que isto solventaría a situación só de asumirmos a realidade, que non é a das disparatadas proxeccións demográficas do PXOM (para as que se requiriría unha depuración de augas pouco inferior á de Ourense), mas a da contumaz realidade: un Concello que perde poboación, cuxa medida de idade é de 55 anos e que só nos próximos 15 anos perderá 1.500 habitantes¹. Como dixemos antes, só asumindo os verdadeiros problemas que temos e a nosa realidade podemos transformar.

De por parte, o Concello ten capacidade para elaborar cos medios ao seu dispor e coa contribución da concesionaria unha revisión do anteproxecto na liña do xa sinalado. A cláusula 4ª do Prego de condicións recolle no seu derradeiro parágrafo que «se as instalacións ficaran insuficientes, o concesionario efectuará o estudo de ampliación correspondente coa debida antelación, que proporá ao Concello para a súa aprobación». Dito estudo, debe partir loxicamente do Plano da rede actualizado, cuxa copia a concesionaria debe entregar anualmente ao Concello (cláusula 7ª), así como a dación de contas que debe facer en xaneiro e xullo (cláusula 23ª, c).

De por parte, o Concello debe cumprir a cláusula quinta e incluír no orzamento de 2019 a correspondente partida de amortización para renovar as instalacións afectadas por envellecemento, nomeadamente un plano a varios anos para a substitución da rede de fibrocemento.

Polo anteriormente exposto, desde Por Chantada-CUP propónse ao Pleno da Corporación de Chantada o seguinte **ACORDO**:

1.- O Pleno da Corporación de Chantada diríxese á empresa *Viaqua* para activar a cláusula 4ª do Prego de contratación “Orixe da auga, calidade e cantidade” co fin de demandar que elabore o correspondente estudo de ampliación segundo o recollido na exposición de motivos e no acordo da presente moción.

2.- Dito proxecto estará incardinado nunha estratexia críbel, realista e traballada por volta dun proxecto de actuacións que contemple as necesidades técnicas e orzamentares das seguintes actuacións:

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

- A separación de todas as augas pluviais e fecais da vila de Chantada.
- A canalización axeitada e suficiente dos regatos que pasan por Santa Ana, a estrada de Lalín e a zona do instituto Val do Asma.
- A substitución de todas as canalizacións de fibrocemento existentes, polo risco para a salubridade pública que supoñen.
- A construción dun tanque de treboadas.

1 Dados do INE recentemente publicados, tamén con ecos na imprensa:

- <https://www.farodevigo.es/galicia/2018/12/22/galicia-perdera-15-anos-habitantes/2021360.html>
- «Os datos obxectivos de caída son case dramáticos en lugares como A Fonsagrada, Chantada, O Saviñao, Mondoñedo e Cospeito»: https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2019/01/03/lugo-centro-marinasostienen-declive-demografico-montana-interior-sur/0003_201901X3C3991.htm?utm_source=facebook&utm_medium=referral&utm_campaign=fblemos&fbclid=IwAR2BTa35N3FdhYwmS8XF-1t9rWAj3rCooUxpu2H9CYdAE3_nma7CChXw90

- Informe do técnico municipal de urbanismo.
- Informe xurídico da secretaría municipal.
- Informe económico-financeiro da intervención municipal.

3.- Incluir no Orzamento do Concello para 2019 a correspondente partida de amortización das instalacións, co gallo de ir renovándoas comezando pola remuda da rede de fibrocemento e pola execución da Sentenza 660/2017 que obriga ao Concello a efectuar unha canalización sen máis demoras.

4.- Trasladar o devandito proxecto e procurar financiamento para el das diferentes administracións públicas, a todos os niveis: Deputación de Lugo, Xunta da Galiza, Goberno do Estado e Unión europea”.

Chantada, 4 de xaneiro de 2018. Segue a sinatura dixital.

4

Iníciase un pequeno debate a colación da moción presentada donde o Sr. Alcalde facilita datos sobre a súa entrevista coa responsable de Augas de Galicia e relativa ao canon da auga e investimentos previstos para este concello, preguntado a Concelleira do PS de G-PSOE sobre do montante de dita cantidade, ao que lle respostou o Alcalde que el conta con datos de finais do 2017 que roldan os 400.000 euros pero que, a día de hoxe, non pode manifestar a cantidade acumulada e informando, en relación coa moción presentada, que quedan poucos regatos de pluviais sen canalizar, enumerándoos e facendo alusión a que o denominado “Regato de Centulle” que se menciona na moción debería ser unha obra que acometa a Confederación Hidrográfica por mor de que eles son os que fixan as condicións para este tipo de obras.

Vista a atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, cos votos en contra do Grupo Municipal INTA (4), e a reserva de voto para o pleno dos concelleiro do Grupo Municipal do PP (1) e das concelleiras do PSG-PSOE (2), ditamínase desfavorablemente para o pleno a seguinte proposta:

“1.- O Pleno da Corporación de Chantada dirixese á empresa *Viaqua* para activar a cláusula 4ª do Prego de contratación “Orixe da auga, calidade e cantidade” co fin de demandar que elabore o correspondente estudo de ampliación segundo o recollido na exposición de motivos e no acordo da presente moción.

2.- Dito proxecto estará incardinado nunha estratexia críbel, realista e traballada por volta dun proxecto de actuacións que contemple as necesidades técnicas e orzamentares das seguintes actuacións:

- A separación de todas as augas pluviais e fecais da vila de Chantada.
- A canalización axeitada e suficiente dos regatos que pasan por Santa Ana, a estrada de Lalín e a zona do instituto Val do Asma.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

- A substitución de todas as canalizacións de fibrocemento existentes, polo risco para a salubridade pública que supoñen.
- A construción dun tanque de treboadas.
- Informe do técnico municipal de urbanismo.
- Informe xurídico da secretaría municipal.
- Informe económico-financeiro da intervención municipal.

3.-Incluír no Orzamento do Concello para 2019 a correspondente partida de amortización das instalacións, co gallo de ir renovándoas comezando pola remuda da rede de fibrocemento e pola execución da *Sentenza 660/2017* que obriga ao Concello a efectuar unha canalización sen máis demoras.

4.-Trasladar o devandito proxecto e procurar financiamento para el das diferentes administracións públicas, a todos os niveis: Deputación de Lugo, Xunta da Galiza, Goberno do Estado e Unión europea”.

Ábrese debate e intervén en primeiro lugar o Concelleiro mocionante, Sr. Fente Parada para facer unha defensa da mesma que se motiva na negativa por parte do goberno local a abrir expediente á concesionaria do servizo de augas e rede de sumidoiros, facendo alusión á que se se trata de solucionar o problema coa construción dunha nova depuradora este proxecto está sobredimensionamento se o ligamos co problema demográfico do municipio. Fai alusión asimesmo aos termos da moción para buscar solucións a este asunto. Hai mecanismos para activar e implicar á empresa e pensando sempre nun plan plurianual, implicando a outras administracións e tratar de recadar fondos para estes investimentos necesarios, sen prexuízo de que se poida intentar acadar a construción dunha nova depuradora, aínda que os outros problemas persisten. Están abertos a modificar a moción e introducir cuestións que teñan un carácter construtivo.

Intervén a voceira do PS de G-PSOE, Raquel López Rodríguez para manifestar que no pleno de novembro xa se presentou unha moción no mesmo sentido e parécelle que os acordos que se propoñen teñen que estar baseados en estudos previos, concretamente da Confederación Hidrográfica, e que estes estudos non se poden confiar á empresa adxudicataria. Deberían de ser técnicos os que digan que é o mais aconsellable para solucionar o problema da depuración da auga en Chantada. O seu grupo esta de acordo en prestar axuda para a búsqueda de financiamento.

5

A seguir toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Rodríguez Medela para dicir que están en parte de acordo no fondo da moción pero considera que dada a entidade dos investimentos debería de pensarse nun cronograma ou plan plurianual, e no que se teña en conta á oposición á hora de confecionalo. Están de acordo en incluír unha partida nos investimentos do orzamento do ano que ven. Están de acordo co punto terceiro e cuarto da moción de incluír unha partida para dar cumprimento as sentencias e de que hai que acudir a outras administracións para buscar financiamento.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para facer un relato do que se está a facer en relación con este asunto. Fai alusión á crise e que se está a traballar con reunións, que en primeiro termo se mantiveron de xeito satisfactorio coa Confederación Hidrográfica e Xunta de Galicia, concretamente con Augas de Galicia. Comprometéronse ambas institucións para elaborar un protocolo conxunto de actuación e con prioridade na canalización do Regato de Centulle. Segue a dicir que este é o único regato do que podemos estar a falar, aludindo a que non existen mais regatos que afecten ás canalizacións da vila que o de Centulle. O de pluviais e fecais si que non están perfectamente separados e da unha explicación das cuestións técnicas que provocan esta deficiencia.

No que atinxe as tuberías de fibrocemento, manifesta que estas instalacións están dando problemas nas vías onde existe tráfico pesado. Nas novas canalizacións, segue a dicir, xa se renovan as de fibrocemento por outras fabricadas con materiais mais duradeiros. Anuncia o voto desfavorable do seu grupo por mor de que se está a traballar a reo neste asunto.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Para rematar volve a tomar a palabra o voceiro do Grupo Municipal de Por Chantada-CUP para manifestar que o seu grupo vai a estar atento nos próximos meses ás actuacións que se leven a cabo por parte do Concello neste asunto, preguntando polo montante do investimento do que estamos a falar.

O Sr. Alcalde volve a intervir para manifestar que se está a falar dunha cantidade de 2 millóns de euros para as obras prioritarias de Canalización do Regato de Centulle e o Tanque de Tormentas nas inmediacións do Mercado Gandeiro. Fai asimesmo alusión a outra obra que sería moi necesaria e que verá se se pode acometer e que consiste en habilitar unha mellor predepuración na EDAR do Polígono Industrial dos Acivos.

Respostando a preguntas dos Concelleiros sobre das porcentaxes de investimento atribuíbles a cada administración achegante, a presidencia manifesta que se falou en principio dun 40% / 40% / 20%, (Estado-Xunta-Concello) e que tra-las negociacións practicadas se podería acadar, non con garantías, un 60%, 30%, 10% (Estado-Xunta-Concello)

Tralo debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e ao Pleno do Concello de Chantada a moción, e co voto favorable dos Grupos Municipais PSG-PSOE (3) e Por Chantada-CUP (1), co voto desfavorable do Grupo Municipal INTA (7) e a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (2), ACORDA:

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal “Por Chantada-CUP”

3.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE A DOTACIÓN DE SERVIZOS PARA O CAMIÑO DE INVERNO. Deuse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Urbanismo, Obras e Servizos do día 08/01/2019 que é como segue:

6

“3.2.-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A DOTACIÓN DE SERVIZOS PARA O CAMIÑO DE INVERNO. Deuse conta da moción presentada que é do seguinte teor literal:

“De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568, do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro) o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á Consideración do Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Camiño de Inverno constitúe a día de hoxe un recurso turístico de máxima importancia para Chantada. O seu recoñecemento oficial mediante a Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG do 16 de maio) culminou un gran esforzo de multitude de persoas e organizacións das localidades polas que transcorre e no caso do Concello de Chantada únea tamén o feito de que coincide coa intersección do seu trazado coa ribeira do Río Miño. E a este feito hai que sumar a declaración da Ribeira Sacra como ben de interese cultural mediante o Decreto 166/2018, do 27 de decembro (DOG do 31 de decembro), paso previo e necesario de cara á ansiada declaración como ben Patrimonio da Humanidade. Todo isto permite unir o patrimonio cultural co paisaxístico e etnográfico o que proporciona un polo de atracción importantísimo para os potenciais visitantes.

Este fluxo de turistas e peregrinos pode ser un revulsivo importante para o noso Concello, axudando a diversificar a nosa economía e a crear un novo tecido empresarial ligado ó Camiño de Inverno. Sen embargo, tamén supón un desafío e unha necesidade de proporcionar servizos adecuados para que estas persoas podan desenvolver a súa visita satisfactoriamente. Neste senso, o mantemento do propio camiño en boas condicións e a dotación dun Albergue Público vólvese imprescindible.

No que se refire ó Albergue é necesario destacar dous puntos importantes. En primeiro Lugar este equipamento non entra a competir con outros establecementos como casas de

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

turismo rural ou hoteis que hai no concello; de feito son complementarios, xa que se trata de modos de aloxamento diferentes, que atraen a tipos de peregrinos distintos e que de feito actúa de foco de atracción que pode axudar precisamente ó resto de empresas turísticas da nosa vila. En segundo lugar consideramos que é posible que o Concello como institución pode dispoñer de edificios susceptibles de ser equipados como Albergue, aínda que cremos convinte que sexa o propio Goberno Municipal o que reaalice unha avaliación dos seus espazos e en caso de non dispoñer deles, formule a alternativa que considere idónea para a dotación desta infraestrutura.

Sobre o mantemento en condicións do Camiño, non se pode esquecer que esta conservación debe facerse con sumo respecto ó seu valor patrimonial e con plena integración paisaxística. Debemos neste senso resaltar como exemplos a evitar a recente aparición na prensa escrita de treitos do Camiño Francés pavimentados con formigón, o que é incompatible con calquera mínima sensibilidade respecto da protección dun ben cultural de tanta importancia. E do mesmo xeito, tamén é importante a garantía da seguridade, polo que cremos pertinente por un lado unha sinalización coherente e adecuada para todo o seu trazado evitando con elo posibles confusións ou desorientacións dos peregrinos e por outro a adopción de medidas como sinalización horizontal e vertical naqueles treitos que sexan coincidentes ou que deban atravesar vías para automóbiles.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:

ACORDOS:

- Instar ao Goberno Municipal a que desenrole as xestións precisas para dotar a Chantada dun Albergue Público para peregrinos do Camiño de Inverno e busque para tal fin a colaboración doutras institucións públicas.
- Instar ao Goberno Municipal a que acondicione a ruta do Camiño de Inverno que transcorre polo termo municipal con pleno respecto ós valores patrimoniais do mesmo, a que sinalice adecuadamente o seu trazado e que garanta a seguridade viaria na intersección coas vías pavimentadas para automóbiles”

Chantada, 8 de xaneiro de 2019.-Asdo Raquel López Rodríguez.

Tras unha breve intervención donde a Concelleira do PS de G-PSOE expuso a moción insistindo nos termos da mesma, á vista da atribución que confire a este órgano colexiado o artigo 123 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, coa reserva de voto para o pleno do Grupo Municipal INTA (4), do concelleiro do Grupo Municipal do PP (1) e o voto favorable das concelleiras do PSG-PSOE (2), quedou sometida a ditame a seguinte proposta:

1) Instar ao Goberno Municipal a que desenrole as xestións precisas para dotar a Chantada dun Albergue Público para peregrinos do Camiño de Inverno e busque para tal fin a colaboración doutras institucións públicas.

2) Instar ao Goberno Municipal a que acondicione a ruta do Camiño de Inverno que transcorre polo termo municipal con pleno respecto ós valores patrimoniais do mesmo, a que sinalice adecuadamente o seu trazado e que garanta a seguridade viaria na intersección coas vías pavimentadas para automóbiles.”

Iniciado o debate, defende a Moción Raquel López Rodríguez, Voceira do Grupo Municipal Socialista, expoñendo que o albergue de carácter público non impide a iniciativa privada e que dende o seu grupo non se ve incompatibilidade senón complementariedade. Noutra orde de cosas manifesta que tamén é de importancia o que se di na moción de acondicionar axeitadamente o Camiño de Inverno.

Pide intervenir o voceiro do PP, Sr. Rodríguez Medela para manifestar que o seu grupo está de acordo cos termos xenéricos da moción pero discrepan en que os albergues teñan un carácter público municipal xa que entende que non ten que ser o Concello o que promova os albergues,

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

debendo cingirse a súa implantación e xestión á iniciativa privada. Segue a dicir que non coñece Concellos do Camiño que contan con albergues municipais que, en todo caso, son de titularidade da Xunta de Galicia, e que se coñece un Concello que conta cun albergue municipal pero só para cubrir urxencias. Noutra orde de cousas estamos a falar dun turismo de alta calidade e poder adquisitivo, que pernocta en hoteis e casas de turismo rural e, xa que logo, non se cubren as necesidades con albergues municipalizados.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal “Por Chantada-CUP”, Sr. Fente Parada, para manifestar que están de acordo coa moción facendo mención ao Convento de San Salvador de Asma e ás posibilidades que presenta esta infraestrutura con esta finalidade e que foi declarado BIC recentemente. Os criterios de seguimento e calidade que garante o público non o é tanto en moitas das ocasións no eido privado. Fai alusión ao concello de Pobra de Trives que conta con albergue municipal. Segue manifestando, sobre do camiño de inverno e o seu trazado, que considera que é un agravio que non se recoñezan as variantes do Camiño de Inverno que transcorren polo Val do Navego e Oseira e que entende que se deberían de iniciar os trámites para o seu recoñecemento, cuestión que se podería introducir como unha emenda dentro do acordo de aprobación desta moción. En canto á moción considera que é abundantamente flexible na súa redacción como para ser apoiada por tódolos grupos.

Intervén o Sr. Varela Rodríguez, -INTA- facendo alusión as verbas dun persoeiro nunha conferencia á que acodiu, que manifestou que os mellores servizos son aqueles que están ben prestados, sexan de índole pública ou privada. Fai un pequeno repaso sobre se é mellor público ou privado cos pros e contras de cada un e, que para o caso de que houberse carencias na prestación deste servizo, habería que adoptar algunhas medidas neste senso. Fai alusión á sinalización do camiño e a investimentos efectuados no camiño en zonas con carencias, sobre todo nas inmediacións da zona do Faro. En canto ás variantes manifesta que en principio é conveniente -cita textualmente- “amarrar” o presente trazado e con posterioridade xa se verá. En principio o Concello tiña previsto facer o albergue na edificación que se adquiriu na Alameda pero non se nos aconsellou. Manifesta o voto en contra á aprobación da moción polo seu grupo.

8

Intervén para rematar o debate da moción a voceira do PS de G-PSOE, aludindo ás verbas do Voceiro do PP, para manifestarlle que a existencia de peregrinación de alta calidade non está rifada con outro tipo de peregrinaxe.

Tralo debate do asunto, e de acordo co disposto no artigo 98.1 do ROF, sométese a votación e ao Pleno do Concello de Chantada a moción, e co voto favorable dos Grupos Municipais PSG-PSOE (3) e Por Chantada Cup (1), co voto desfavorable do Grupo Municipal INTA (7) e a abstención do Grupo Municipal do Partido Popular (2), ACORDA:

Non aprobar a moción presentada polo Grupo Municipal “PS de G-PSOE”

4.-MOCIÓN E ASUNTOS DE URXENCIA.-Non se trataron.

5.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-Deuse conta do Acordo da Xunta de Goberno Local (JGL/2018/20) seguinte:

“2.2.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

2.2.1.-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN. MELLORA PARQUE COMPLEXO LÚDICO-DEPORTIVO DAS PISCINAS MUNICIPALES DE CHANTADA. PAVIMENTADO CON CAUCHO E COLOCACIÓN DE XOGOS INFANTÍS. G1471/2017”

6.-DACIÓN DE CONTA DE REPAROS DE INTERVENCIÓN E OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Deuse conta dos reparos de intervención e omisións de fiscalización seguintes:
2018-207, 2018-211, 2018-212, 2018-217, 2018-218, 2019-219, 2018-221, 2018-223,
2018-226, 2018-228, 2018-229, 2018-233, 2018-237, 2018-244.

7.-ROGOS E PREGUNTAS.-Formuláronse os/as seguintes:

Por Dona Raquel López Rodríguez. Voceira do PS de G-PSOE

1-En relación coa contratación do Parque Infantil: Este expediente segue sen recibir o informe favorable de Secretaría e insta a que se fagan os tramites no expediente que se indican dende os servizos xurídicos do Concello.

2-En canto aos reparos. Ano 2018. Existe un reparo de intervención, o 100/2018, que se basea en que non se cumpren os requisitos necesarios para a contratación menor en materia socioeducativa e que compre autorización previa da Xunta de Galicia. (Pide información a Fente Parada que resposta que se trata dunha competencia impropia e que o gasto precisa en principio da aprobación previa da Xunta de Galicia). Por que non se deu cumprimento ao trámite?

3-Omisión de Fiscalización. Menciónase que forman parte dos tribunais de probas selectivas persoal laboral indefinido e temporais e que non se pode nomear a estes traballadores como membros dos tribunais.

-Resposta do Alcalde: Se nos axustamos ao que se dí non poderían ir nin o Arquitecto nin persoal de obras para probas que son precisamente para operarios de obras, e estes traballadores son os mais cualificados para evaluarlos. Os funcionarios rexeitan acodir por tratarse de probas para as que manifestan non estar capacitados para avaliar aos candidatos ao seren para persoal de obras. Pode ir o persoal laboral fixo e estamos a acodir a eles e coordinando con persoal funcionario.

-Roga a concelleira en que se sigan os procedementos legais establecidos.

4-Contratos Menores. Que conste en acta: ***“Reiteramos a argumentación de tódolos plenos en relación cos contratos menores”***

5-Dietas pagadas e non xustificadas. Quedouse de comprobar polo Grupo de Goberno sobre deste asunto e xa se preguntou noutra sesión.-Hai varias que están reparadas pola Intervención e, xa que logo, deberían de revisalas e buscarlle unha explicación dado que o reparo é alarmante e non dá bó exemplo.

-Resposta do Alcalde. Reparar por dietas e quilometraxe a membros do grupo de goberno non é de recibo; pódense revisar os antecedentes e ninguén do grupo de goberno cobrou ren por este concepto. Fai comparación en que a lei á hora de reparar é tanto para un contrato millonario do AVE como para unha dieta. Intervén a Concelleira Pamela Fernández Aguila para informar ao Alcalde e, este, manifesta que lembra os reparos dos que se está a falar pero que supoñía pouca cantidade, céntimos nun dos casos e, no outro, estaba xustificado.

6-Factura de 3000 euros dunha tenda de artigos deportivos para o WSR (World Survival Race). Pregunta se se lle pode informar de canto se investiu nesta proba por parte do concello.

-Resposta.-O Sr. Alcalde solicita información do concelleiro Diego Otero Veiga que manifesta que neste intre non lle podería dicir con exactitude, que tería que miralo.

Repregunta.-Se este investimento era para equipamento, camisetas ou que destino?

-Resposta o Sr. Otero Veiga que lembra que hai facturas de seguros, de publicidade e de cronometraxe.

Intervén o Alcalde para manifestar que hai que programar este tipo de eventos con anterioridade e, para os que xurdan dentro do exercizo económico e que non estean orzamentados a 31 de decembro, non se van a levar a efecto.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

Pequeno debate sobre o pagamento de viaxes en autobús para eventos a colación da pregunta anterior -debate entre o Sr. Fente Parada, Sr. Diéguez Carballo e o Sr. Alcalde-Remata o debate a Presidencia coa aserción de que “non se pode facer da excepción a regra”

Repregunta.(Voceira do PSOE)-Pagouse a elaboración dos obstáculos da carreira?

-Resposta o Sr. Otero Veiga: Sabe perfectamente tódolos pasos seguidos na organización desta proba deportiva.

Repregunta.(Voceira do PSOE).-Insiste en que facilite os datos sobre o investimento do Concello nesta proba e que se nos remita a cantidade cando sexa posible.

Resposta.-O Concelleiro Sr. Otero Veiga fai referencia as xestións na Deputación efectuadas polo propio Concelleiro como responsable da área de Deportes Municipal, xestións das que é coñecedora a Sra. López Rodríguez así como das circunstancias das mesmas e do seu resultado.

O Sr. Alcalde intervén para manifestar que non se pode entrar en debate neste apartado da orde do día.

Para rematar a Sra. López Rodríguez solicita que conste en acta, en alusión á proba deportiva da que se está a preguntar: “*Que a Subvención da Deputación foi rexeitada*”.

7.-Xuntanza con augas de Galicia do 3 de xaneiro 2019.-Pregunta se se remitiu o acordo do Pleno Extraordinario do día 27 de decembro de 2018 (asunto concesionaria do servizo de augas e rede de sumidoiros) e se tiña chegado ao citado organismo.

Resposta do Alcalde: Si se remitiu pero cando estivo na reunión aínda non tiña chegado.

8.-Moción do Partido Socialista de marzo de 2018.-Plataformas para os niños de cegoñas. Se se remitiu o acordo e se recibiu resposta.

Resposta. Hai que preguntar ao funcionario encargado da remisión dos acordos.

9.-Vespa velutina.-Moción de novembro.-Elaboración de informe sobre os casos de vespa velutina no Concello. Fíxose?

Non hai resposta.

Polo Concelleiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Rodríguez Medela.

1.-Alumeado do Nadal-Comparativa con outros Concellos dos arredores.

Resposta de Manuel Diéguez Carballo: Estamos pensando en mudalo xa que o deste concello e bastante triste.

2.-Rogo.-Trazado da Autovía A-76.-Consensuar posición común con tódolos grupos políticos municipais.

-Resposta do Alcalde: Se se fai a A-72 e se conecta coa A-76 é o mais beneficioso para o noso Concello.

(Pequeno debate sobre estas infraestruturas e as posibles variables, pros e contras)

3.-Escola-Obradoiro Avda. de Monforte.-Estanse deixando instaladas canalizacións en previsión de futuras conducións de servizos para evitar remocións do pavimento ou da zona axardinada?

-Resposta do Alcalde: Falouse coa concesionaria do servizo de augas do Concello e manifestaron que non fai falta modificar ren e que xa quedaron previstas cando se instalou a canalización do gas.



CONCELLO DE CHANTADA

Polo Concelleiro do Grupo Municipal de “Por Chantada-CUP”, Sr. Fente Parada.

1.-Parque Infantil nas Piscinas.-Reparo 95 do 18 de setembro e informes de secretaria advertindo de que as instalacións que se pretenden se atopan en zona de dominio público hidráulico. Esta circunstancia, afirma, invalida a garantía das instalacións en caso de inundación. Ese emprazamento reúne as condicións ou non sería mellor pensar noutra alternativa?

-Resposta.-Deberíase de ter reparado en Xullo. Deste xeito chégase a final de ano con diñeiro no orzamento que hai que investir e non ter que volver a incluílo no orzamento do presente ano.

2.-Hórreo en R/ Carlos Otero Díaz.-Consta algunha licenza de obra outorgada ou en trámite no Concello?

-Resposta: Non consta licenza para o hórreo e vaise impoñer sanción ao promotor/constructor que efectuou a retirada. Ten entendido que vai a pedir licenza para a construción dun edificio pero non acerta a saber se entrou hoxe ou entrará nestes días no Concello.

3.-Catálogo de Bens da Modificación do PXOU. Non entende que non se inclúa este hórreo ubicado en Chantada e outros no Catálogo de Bens de Interese Cultural da modificación do PXOU.

-Resposta do Alcalde: Este hórreo ten pouco valor. Hai outros hórreos que teñen mais valor e que este estaba moi mal conservado.

4.-Plan de castración e solta de gatos. Iniciativa para a dotación dun espazo público para alimentalos e ter esta poboación felina baixo control. Medidas de contratación dun veterinario para levar a cabo esta labor. Que se fixo en tal sentido?

-Resposta o Concelleiro Sr. Novoa: Sobre deste asunto mantiven conversa cunha persoa e na que se falou do que se podería facer con esta problemática. Consultou cun veterinario da Vila e este manifestouse no sentido de que o custo económico sería de entre 50 a 160 euros por esterilizar a cada animal, dependendo do seu sexo. Entendo que isto hai que contemplalo como unha actuación plurianual, onde cada ano se pode ir facendo a intervención con varios animais, mitigando aos poucos o aumento da poboación. Neste senso manifestou tamén que o que non se pode facer por parte dos cidadáns e facilitarlles alimento nas zonas onde hai superficies comerciais e contenedores de lixo, como se nos da o caso, cuestión esta que fomenta non só que medre o número de gatos, senón que tamén acoden roedores de grandes dimensións e compre facer desratizacións contundentes nestas zonas, especialmente en dous puntos concretos da Avda. De Monforte.

-Intervén o Alcalde. Habería que chamar á cidadanía á responsabilidade. Os cidadáns teñen que ser consecuentes coas súas accións e saber que a tenza de animais de compañía conleva unha responsabilidade, a súa atención e coidado así como sufraga-los gastos que se deriven. A sociedade ou o resto dos cidadáns non deben de asumir estes gastos que non lle son atribuíbles.

5.-Ordenanza municipal pola tenza de animais.-Rogo reiterado para que se elabore unha ordenanza para regular as normas ás que os propietarios de animais de compañía se deben de ater.

6.-Convocatoria para a inclusión nun plan de desbroces da Xunta e FEGAMP.-Plan de Prevención contra Incendios Forestais.-Non aparece Chantada como solicitante e por isto supón que o Concello non se acolleu a ela por non ter elaborado o Plan de Prevención de Incendios Forestais.

-Resposta do Alcalde: O caso de Chantada é distinto ao de Taboada ou outros concellos limítrofes xa que a Xunta de Galicia neste municipio conta con tres brigadas contraincendios permanentes. Pregunta ao seu compañeiro de grupo, Sr. Diéguez Fernández,



CONCELLO DE CHANTADA

que manifesta que hai dúas brigadas partidas que son como catro e que actúan todo o ano.

Rogo.-Insiste no rogo de que se elabore o Plan de Prevención de Incendios Forestais que é o que fixa as franxas de protección con identificación dos propietarios. Manifesta que se pode dar a casuística que de sexa menos rendible para o concello a execución subsidiaria por non ter implantado o PPIF.

7.-Pistas, Estradas e Rúas. Roga que se reparen as seguintes:

A) Andemil-A Lagoa, Pista en malas condicións sobre todo para os camións do leite.

-Resposta. É sabedor desta problemática. Hai que facer unha drenaxe e con posterioridade executar a obra con formigón porque se leva actuado nela en varias ocasións e os danos prodúcense por mor de que é zona donde revolven e xiran camións e tractores de grande tonelaxe.

Repregunta.-Vai contemplada a actuación nos investimentos do ano que ven?

-Resposta.-Si

B) Pista de Camporramiro a Castro. Estrada que se atopa en mal estado.

-Resposta.-Esta estrada pertence á Deputación Provincial de Lugo. Tamén son de titularidade provincial as da Lamarregueira (Estrada a San Fiz), Xoanín e O Pereiro que están en malas condicións.

C) Camiño de acceso entre o Colexio Xoán de Requeixo á Santa Mariña.

-Resposta.-Sí, hai tres puntos que están mal.

D) Rúa Luís García Arias.

-Resposta.-Si, teñen pensado arranxala pero non se pode neste intre por mor da climatoloxía adversa.

E) Rúa Ramón e Cajal, entrada ó Recuncho Solidario

-Resposta.-Esta é unha rúa que tamén está incluída no plan de arranxos xunto coa Rúa Vista Alegre á que está previsto fornecer con aglomerado en quente.

8.-Valedor do Pobo.-Disciplina Urbanística. Foi coñecedor dunha comunicación do Valedor do Pobo que non deixa en moi bo lugar a este Concello, xa que ten entendido que nos inclúe no informe anual.

¿Vai a cumprir as determinacións da recomendación enviada e executar o acordo que se adoptou na Xunta de Goberno Local en relación con este asunto?

Resposta: Si. Volvéronselle a dar tres meses para que se executase voluntariamente o acordo e entrou un escrito de recurso que se atopa pendente de resolución.

9.-Terrazas de establecementos da hostalería.-Hai avances neste sentido ou queda para a próxima lexislatura?

-Resposta: Deberíamos de telo para esta campaña.

10.-Edificio da Praza de Santa Ana.-Aprobouse por unanimidade unha moción en relación co edificio sito na citada praza.-Roga que atenda ao indicado no informe xurídico sobre da apertura de expediente. O Concello debería de facer a súa parte.

CONCELLO DE CHANTADA



CONCELLO DE CHANTADA

-Resposta. Vai a consultar se lle é de aplicación a lexislación que prevé a expropiación para as edificacións en ruína que recentemente se ten publicado.

11.-Rectificación do PXOU para uso de oficinas.-Como se atopa o expediente?

-Resposta. Está traballando a Xefa Provincial de Urbanismo en Lugo neste tema. Hai nova normativa na Lexislación Autonómica que define diferentes usos entre os que se atopa o de oficinas, normativa que ven a substituír ao que serían as Normas Subsidiarias e Complementaria do Planeamento.

Repregunta.-En oito meses a Xunta non deu resposta sobre deste asunto?

Non houbo resposta

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as vinteunha horas e corenta e cinco minutos do expresado día, de todo o cal eu, Secretario acctal. certifico.

Vº e Pr.

O ALCALDE,

Manuel Lorenzo Varela Rguez.

Asinado dixitalmente.